

1.- Actividade:

O teu alumnado quere facer un traballo sobre o Parlamento Galego, de xeito que poida responder ás seguintes preguntas:

1. Cantos escanos ten cada partido?
2. Cantos homes e mulleres hai no parlamento?
3. Cantos homes e mulleres hai en cada partido?

A través da información obtida, preparará os datos para expoñelos do mellor xeito posible nun relatorio oral na clase.

2.- Paso 1: Preparamos os datos

2.1.- Importar os datos do ficheiro *Parlamento.csv*

2.2.- Gardar os datos como *Parlamento.ods*

2.3.- Preparar os datos para facer o reconto e as gráficas:


- Primeiro temos que copiar nunha columna os partidos que temos. Para que a folla de cálculo o faga automaticamente, temos que:
 - Seleccionar a columna *Partido* facendo clic na columna D
 - No menú ir a *Datos – Más filtros – Filtro estándar*
 - Configurar o filtro do seguinte xeito:

- Agora escribiremos a fórmula que nos permita facer o reconto.
 - Para iso, na cela J2 escribimos:
$$=CONTAR.SI(D\$2:D\$76;I2)$$
 - Agora poñemos o cursor na esquina inferior da cela, no cadradiño negro que aparece, e cando o cursor cambie a unha cruz, facemos clic co rato e estiramos ata a cela J5. Deste xeito, replica a fórmula para todos os partidos.
- Por último, para coñecer o número total de escanos escribimos na cela I6 Total, e na cela J6:


$$=SUMA(J2:J5)$$

3.- Facemos a gráfica:


- Seleccionamos a táboa de reconto **sen a fila do total** e prememos na icona da gráfica: 
- Seleccionamos o tipo de gráfica que necesitamos. Neste caso utilizaremos un diagrama de circular ou gráfico de sectores. Podémolo elixir en 2D ou 3D



- O seguinte paso é seleccionar os datos. Como xa tiñamos os datos seleccionados, non é necesario modificar nada:



- A serie de datos que imos graficar será a dos Escanos.



- Comprobamos que todos os datos están ben metidos:
 - A **Serie** que imos graficar serán os Escanos, polo tanto, o **Intervalo para o Nome** está na cela J1
 - As **Categorías** están nas celas do Partido, dende a J2 ata a J55
 - Por último, os **Valores Y** están nas celas J2 a J5
- Por último, escribimos o Título e o Subtítulo da gráfica:

Consello DUA.

As gráficas son elementos gráficos para facilitar a comprensión de datos, habitualmente utilízanse cores diferentes para cada categoría de datos representados, é por iso polo que é recomendable utilizar paletas de cores para daltónicos, de xeito que todo o alumnado poida entender unha gráfica baixo as mesmas condicións.

Podes facer paletas de cores para daltónicos utilizando a páxina:

<https://venngage.com/tools/accessible-color-palette-generator>

Agora Pincha en cada sector da gráfica e cambia o Formato de punto de datos de xeito que o teu gráfico sexa accesible para persoas daltónicas.

Atrévete a facer agora os gráficos que visualicen as repostas ás preguntas:

1. Cantos homes e mulleres hai no parlamento?
2. Cantos homes e mulleres hai en cada partido?